

a1

DANZA

Ceibe

NO PAZO DA CULTURA DE NARÓN

CINECONCERTO

**The birds,
de Hitchcock**

NO TEATRO JOFRE



Exemplar gratuito

Siddecars

NO AUDITORIO DE FERROL

Juan Carlos Mestre

Non é a primeira pero si é distinta a visita que os días 24 e 25 de abril fará a Ferrol o poeta berciano Juan Carlos Mestre. Un dos creadores máis queridos e premiados das letras casteláns participa na XVI edición da Semana da Poesía Salvaxe e presentará na cidade o libro de homenaxe a outro ilustre autor salvaxe, Carlos Oroza.

TEXTO: Nicolás Vidal

Aí. Que che estimulou a participar na Semana de Poesía Salvaxe de Ferrol?

JCM. A lenda está no vento, basta con saber escoitar para darse conta de onde veñen as voces desobedientes da poesía, e con elas a alianza coa asemblea de insurrectos que é todo encontro poético ao noroeste da liberdade creativa. É a fraternidade a que convoca, non ten outro negocio a luz desa estrela, a xuntanza baixo a intemperie escura desta época para poñer en pé as palabras redentoras da vida e conxurar os discursos da morte. Non, non hai escolas nos cemiterios.

Aí. Tamén participas na presentación dun volume sobre Carlos Oroza, un poeta “maldito” e sideral, vinculado tamén nos seus anos finais coa Poesía Salvaxe. Que podemos aprender del?

JCM. Os malditos deste mundo son outros, nunca os poetas. Malditos son os coleccionistas de escamas litográficas como

chamaba Baudelaire ao diñeiro, os amos do mundo que se lucran coa criminalidade das guerras. Carlos Oroza foi a saúde do ben, a poesía que se nega a ser consumida pola voracidade do mercado, a imaxinación como un acto de lexítima defensa contra a soberbia obstinación do poder para mentir.

Aí. Es un poeta moi premiado e recoñecido en castelán, pero en 2019 publicas en galego “200 gramos de patacas tristes” (Espiral Maior). Era unha débeda coa túa primeira lingua da infancia e da poesía?

JCM. Escribir en galego no Bierzo é un acto de resistencia cultural, unha débeda cos antepasados e un compromiso ético cos horizontes significativos do porvir. E si, niso estou, a lingua é o idioma da memoria no corazón, que nunca morre, da terra.

Aí. Con ese libro tamén facías presente a lingua galega dun territorio fóra de Galicia como é O Bierzo pero que ten esa lingua

como súa. Había esa pulsión social ou ben era algo íntimo sobre a túa memoria persoal?

JCM. A reconstrución democrática dun país pasa pola restitución dos dereitos lingüísticos abolidos polo autoritarismo, memoria persoal e civil son a mesma cousa, e no Bierzo a lingua galega atópase ao bordo do acabamento. A reflexión é clara, o culto, o libre, o decente e nobre é falar tamén galego. Non creo nunha poesía sen ideas, e a miña é a memoria como modo de ser do que xa non é, pero supón unha actitude respecto ao que pode ser un futuro máis xusto para os pobos fronte ao empobrecedor poderío dos banqueiros.

Aí. Tes esa impresión de pertencer a unha xeografía humana, física e lingüística radicalmente singular como é o territorio do Bierzo?

JCM. Teño, non a impresión, senón a certeza de pertencer a unha terra deixada da man de deus, con máis



do encantamento que é a utopía e os soños pendentes de ser soñados. É falsa a autoridade de poñer límites aos xéneros, outra argucia do sistema métrico decimal para controlar e someter ao canon a liberdade creativa da imaxinación humana.

Aí. Hai quen esquece que a palabra soa. Os teus recitais de poesía coidan iso moito, incluso coa compañía da música. Cres que é un valor da poesía que non sempre se traballa incluso polos propios poetas?

JCM. Isto seica sexa o único sobre o que teño unha radical certeza: que cada persoa faga o que lle dea a gana, co esforzo que poida e como libremente queira. Estou activamente en contra de toda norma en materia de editos, modas, obrigacións e preceptivas. A poética é a linguaxe da delicadeza do ser, e tamén o máis remoto recordo da herexía fronte ás ordenanzas e os catecismos da obrigación.

Aí. Como analizas o avance da extrema dereita e dos discursos de odio na actualidade, das cancelacións, censuras, vetos, etc?

JCM. Pois como unha catástrofe civil, non caben máis eufemismos. Detrás dese espectro político están as súas terroríficas consecuencias na historia do noso país, a lexitimación do crime como conduta de estado. A eliminación do diferente e o lixo ideolóxico do fascismo impregnando co seu excremento os camiños emancipadores da esperanza, que sempre levan máis lonxe que o medo.

“ESCRIBIR EN GALEGO NO BIERZO É UN ACTO DE RESISTENCIA CULTURAL E UN COMPROMISO ÉTICO”

problemas dos que é capaz de soportar unha sociedade sen rebelarse contra o inxusto e a inenarrable mediocridade política da comunidade á que burocráticamente pertencemos. **Aí. A túa creatividade móvese entre a palabra e a imaxe. Como**

poeta e artista plástico a pulsión creadora nace da mesma necesidade de comunicar?

JCM. Da mesma obsesión, da mesma vontade de entender a realidade do mundo coas hipóteses verbais da poesía e as visións de se outros territorios



Ferrol
CULTURA

PROGRAMACIÓN
ABRIL

2024



4
ABR

Chicharrón

Capela do Torrente | 21.00h | 3€
Os Xoves da Capela



5
ABR

É difícil fotografar o baleiro

D'elas
Jofre | 20.30h | 5€
Ferrol en danza



6
ABR

Avanzando hacia el futuro

Moedades
Auditorio | 20.30h | Desde 25€
Anima Mundi



12
ABR

Un momento precioso

Elefante Elegante
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



13
ABR

Trincherá Pop

Iván Ferreiro
Auditorio | 20.30h | Desde 22€
Rock&(Fe)rral



14
ABR

Mamut

Markeliñe
Jofre | 12.30h | 3€
Ciclo infantil



18
ABR

Orquesta Sinfónica de Galicia

Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 15€ (socios 4€)
Clásica



18
ABR

Peña

Capela do Torrente | 21.00h | 3€
Os Xoves da Capela



19
ABR

Modo Avión Teatro Tour

Sidecars
Auditorio | 20.30h | Desde 22€
Rock&(Fe)rral



20
ABR

Celebreixon

Roberto Vilar
Auditorio | 20.30h | Desde 16€
Ciclo Humor



25
ABR

J.M. Cañizares

Sociedad Filarmónica Ferrolana
Jofre | 20.30h | 15€ (socios 4€)
Clásica



26
ABR

The Birds

Amorante
Jofre | 20.30h | 10€
Cineconcerto



Información detallada
de toda a programación cultural
<http://www.ferrolcultura.gal>

05 venres

20.30 H

É DIFÍCIL FOTOGRAFAR O BALEIRO

Danza

TEATRO JOFRE

DANZA URBANA A CARGO DA COMPAÑÍA D'ELLAS, CON SEIS BAILARINAS SOBRE AS TÁBOAS DIRIXIDAS POR JULIA LAPORT.

É difícil fotografar o baleiro é a primeira produción de largo formato de D'Ellas, que parte do concepto do baleiro como espazo necesario para o movemento. Dirixidas por Julia Laport presentan unha viaxe entre cantos gregorianos e a música techno de LLXNTO e Bruno Baw, mostrando corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias pero cheos de limitacións, e atrapando ao espectador nun mundo cheo de metáforas.

06 sábado

20.30 H

THE VERY BEST OF DIRE STRAITS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

25 €



BROTHERS IN BAND HOMENAXEA Á DESAPARECIDA BANDA BRITÁNICA INTERPRETANDO OS SEUS TEMAS MÁIS FAMOSOS.

A voz, a postura, os xestos, a expresividade de Angelo Fumarola, así como a forma na que toca a guitarra, retrotraen ao público aos mellores concertos de Mark Knopfler. Os seus músicos interpretan con extrema fidelidade o legado musical de Dire Straits.

07 domingo

18.00 H

TITIRICIRCUS

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50/5,50 €

TANXARINA TEATRO REVIVE A MEMORIA DOS CIRCOS DE ANTANO.

Eduardo Cunha «Tatán» e Miguel Borines métense na pel de dous vellos traballadores dun antigo circo, que lembran, a través de marionetas de fíos, os momentos pasados na pista: a presenza do home máis forte da Península iBérica, o malabarista máis divertido...

09 martes

19.30 H

BENITO VICETTO, XORNALISTA

Mesa redonda

ANTIGO HOSPICIO (FERROL)



A SOCIEDADE CULTURAL MEDULIO CELEBRA O BICENTENARIO DO NACEMENTO DO ESCRITOR E HISTORIADOR NADO EN FERROL VELLO.

O historiador Guillermo Llorca e o periodista Germán Castro participan nunha mesa redonda sobre a actividade como xornalista e activista social do escritor Benito Vicetto, do que se cumpren en maio 200 anos do seu nacemento na cidade.

12 venres

20.30 H

UN MOMENTO PRECIOSO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



ESTREA ABSOLUTA DA NOVA OBRA DE ELEFANTE ELEGANTE, QUE FALA DA EMERXENCIA CLIMÁTICA A TRAVÉS DO TEATRO, A DANZA E A ACROBACIA.

O mundo está a arder e hai que tomar partido. A compañía de María Torres e Gonçalo Guerreiro parte deste momento tráxico e evoca o imaxinario simbólico do xardín asociado ao ideal da Terra como unha sorte de Arcadia feliz. O xardín simboliza a prosperidade, a liberdade e a paz, pero tamén móvese entre o soño e o pesadelo, o paraíso e o inferno, a luz e a escuridade, a man do home e a catástrofe.

13 sábado

20.00 H

BOA SORTE, MALA FAMA

Teatro

AUDITORIO MUNICIPAL (CEDEIRA)

NINGÚN ANIMAL PARÉCESE TANTO AOS EMIGRANTES COMO AS ANDURIÑAS: ESTAMOS EN CADA CONTINENTE, VIVIMOS FACENDO COLONIAS E MARCHAMOS POR NECESIDADE.

Tarabela Creativa estrea esta traxicomedia en tres actos: os tratos (acto primeiro); os maltratos (acto segundo); e os retratos (acto terceiro). Unha cartografía e un percorrido a través de diferentes épocas e persoas conta a historia máis incómoda da emigración galega con música en directo, narración oral e actrices.

13 sábado

20.00 H

LOS MÚSICOS DE BREMEN

Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



NACHO VILAR ACTUALIZA O CONTO DOS IRMÁNS GRIMM E O TRANSFORMA NUNHA PROPOSTA ESCÉNICA CON MÚSICA E CANCIÓNS ORIXINAIS EN DIRECTO.

Un burro, un can, un galo e un gato vense na obriga de abandonar as granxas nas que vivían e iniciar un camiño cara ao descoñecido. Durante a súa traxectoria van coincidindo e, a pesares de non saber a onde se dirixen, pronto decátanse de que teñen algo en común que os une poderosamente: o seu desexo de ser músicos. Así, entre cancións e bailes deciden iniciar unha súa andaina rumbo a Bremen, a cidade da música. O camiño non é doado e nel teñen que enfrontarse aos ladróns que queren roubarlle os seus soños. Pero a pesar de todo, os catro animais resisten os contratemplos e danse conta de que estando xuntos todo é posible. Baixo a produción de Nacho Vilar, a dramaturxia de Juan Montoro Lara, a música de Pablo de Torres e a dirección de Jorge Fullana xorde este musical que obtivo os galardóns de Mellor Espectáculo Musical e Mellor Actriz de Reparto para Toni Olmedo na quinta edición dos Premios Azahar, tras recibir un total de quince nominacións.

13 sábado

20.30 H

IVAN FERREIRO

Música

AUDITORIO (FERROL)

22 €



O CANTAUTOR GALEGO PRESENTA *TRINCHERA POP*, O SEU ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO, UN ÁLBUM EXPLOSIVO CHEO DE REFERENCIAS LITERARIAS E CINEMATOGRAFICAS.

Contan que un grande do pop dixoo hai anos que Iván Ferreiro era o primeiro indie do país. Daquela formaba parte de Los Piratas e colaboraba con Presuntos Implicados ou Mikel Erentxun. Máis de vinte anos despois chega *Trinchera Pop*, o sexto álbum de estudo en solitario, unha produción valente, que usa de forma atrevida a electrónica, pero sen esquecer a esencia da súa música. Acompañado da súa banda habitual interpretará as novas cancións, pero tamén os seus temas máis emblemáticos.

14 domingo

12.30 H

MAMUT

Infantil

TEATRO JOFRE (FERROL)

3 €



A COMPAÑÍA MARKELIÑE PARTE DA EVOLUCIÓN DO HOME PARA FALAR DE CREATIVIDADE E, SOBRE TODO, DE COOPERACIÓN.

Tres homínidos moi diferentes conviven nun imaxinario paleolítico. A pesar da súas diferenzas vense obrigados a entenderse para poder sobrevivir. Ameazados polos lobos, deciden refuxiarse baixo uns ósos de mamut, que pronto se converten en ferramentas de xogo e de creatividade.

XIII FEIRA MULTISECTORIAL AGRÍCOLA



ORGANIZA



NARON

13 E 14 DE ABRIL
11:00H A 14:00H
16:00H A 20:00H

RECINTO FEIRAL DE SEDES

18 xoves

20.30 H

SINFÓNICA DE GALICIA

Música

AUDITORIO (FERROL)

15 €



JUAN FERRER, UN DOS MÁIS POLIFACÉTICOS E ACTIVOS CLARINETISTAS ESPAÑOIS DA SÚA XERACIÓN, SOLISTA DA OSG.

O programa inclúe a *Fuga criolla* de Juan Bautista Plaza, a *Sinfonía nº 2*, de Chaikovski e o *Concerto para clarinete*, de Pacho Flores, encarga da Sinfónica de Galicia, á que dirixirá Christian Vásquez.

18 xoves

21.00 H

PEÑA

Música

C. C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

3 €



MELODÍAS MOI COIDADAS ENTRE O FOLK E O POP E TEXTOS BRILLANTES. PEÑA PRESENTA O SEU PRIMEIRO DISCO: *CARREIRO*.

O primeiro disco desta banda de Pontevedra é unha revelación: un álbum que funciona a xeito de novo retorno, de hipnótica chamada ao fogar ulterior; a un espazo familiar onde xa non todo está onde estaba.

19 venres

20.30 H

SIDECARS

Música

AUDITORIO (FERROL)

28 €



MODO AVIÓN TEATRO TOUR É O NOME DA XIRA DE SIDECARS EN FORMATO ELECTROACÚSTICO TRAS REMATAR A DE PRESENTACIÓN DO SEU SÉTIMO DISCO.

A banda de pop-rock madrileña (Juancho, Gerbass e Ruly) volve aos teatros e auditorios tras o éxito da xira neste formato que fixeran hai cinco anos. Desde aquela, Sidecars sempre tivo en mente facer un circuito que lles levase de volta a estes escenarios tan especiais en formato electroacústico coa banda ao completo. Un formato que pon en valor a música en directo e que permitirá ao público gozar das cancións que forma parte da súa último álbum, así como dos seus temas máis míticos de maneira máis próxima. Sidecars cumpre 18 anos como banda e para comezar a celebración da súa maioría de idade artística publicaron antes de iniciar esta xira “Ata que pecho os ollos”, un flamante novo sinxelo de pop maiúsculo. Este single de hai uns meses plasma o radiante momento creativo de Sidecars: esa elegante maxia que o grupo crea cando unha luminosa melodía se engarza cunha letra brillante, características que forman parte do seu inequívoco *savoir faire*.

26.04.24

20:30 H

TEATRO JOFRE



Amorante

The birds



PROGRAMACIÓN
2024



ABRIL

S **06** 20:30 HORAS

MÚSICA
EVENTI

**BROTHERS IN BAND.
THE VERY BEST OF
DIRE STRAITS**

D **07** 18:00 HORAS

COMEDIA
TANXARINA

TITIRICIRCUS

S **13** 20:00 HORAS

MUSICAL
NACHO VILAR PRODUCCIONES

**LOS MÚSICOS DE
BREMEN**

S **50** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
SARABELA TEATRO

O DRAGÓN DE OURO

S **27** 20:00 HORAS

DANZA CONTEMPORÁNEA
FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

CEIBE

MAIO

S **04** 20:00 HORAS

MALABARES
PISTACATRO PRODUCTORA DE SÓÑOS

**ORQUESTRA DE
MALABARES**

S **11** 20:00 HORAS

COMEDIA
RON LALÁ

4 X 4

V **17** 20:30 HORAS

MÚSICA FOLK
LUAR NA LUBRE

**LUAR NA LUBRE XX.
ENCrucILLADA**

S **18** 20:00 HORAS

COMEDIA
BUTACAZERO

IRIBARNE

D **19** 18:00 HORAS

INFANTIL
XAMPATITO PATO

SÓ



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

20 sábado

20.00 H

O DRAGÓN DE OURO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



SARABELA TEATRO ESTREA EN GALEGO, CON DRAMATURXIA E DIRECCIÓN DE ÁNXELES CUÑA BÓVEDA, A ROLAND SCHIMMELPFENNIG, UN DOS AUTORES MÁIS PROLÍFICOS E REPRESENTADOS DE ALEMANA.

“O dragón de Ouro” é un texto de 2010 que trenza en 48 escenas breves un monllo de historias que lle ocorren a 23 personaxes (que interpretan cinco actores: Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fernández González e Fran Lareu) nun edificio dunha cidade europea. Unha traxedia contemporánea repleta de elementos grotescos.

25 xoves

20.30 H

CAÑIZARES FLAMENCO QUARTET

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €



COLABORADOR DE PACO DE LUCÍA E CAMARÓN, O GUITARRISTA OFRECE UN ESPECTÁCULO CLÁSICO.

Premio Nacional de Música 2023, o guitarrista Juan Manuel Cañizares propón un repertorio baseado no seu disco *Cuerdas del Alma* e espazo para a improvisación.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

26 venres

20.30 H

THE BIRDS

Cineconcerto

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



A PELÍCULA MÁIS ABSTRACTA DE ALFRED HITCHCOCK REVELA AÍND A NOVOS SIGNIFICADOS TRAS CADA VISUALIZACIÓN. UN CLÁSICO DO CINE DE TERROR.

The birds é, para os expertos a última gran película de Alfred Hitchcock, ou polo menos a última de características máis convencionalmente “hitchcockianas”. Para o crítico de *The Guardian* Xan Brooks “é feroz e freudiana”. Amorante é o proxecto en solitario do multiinstrumentista vasco Ían Urizar. Aventurado e iconoclasta, amante da improvisación, sempre acompañado pola súa inseparable trompeta, os seus pedais de mestura e un pequeno sintetizador, dá forma a composicións que saben a vangarda e a mestizaxe. Este home orquestra dixital enfrontarase á obra emblemática de Hitchcock, un film cunha banda sonora audaz e visionaria: unha verdadeira sinfonía de música incidental composta polo mestre Bernard Herrmann coa única axuda dun trautionio, un instrumento musical electrónico. Amorante interpretará a súa música sobre a película dotándoa dun novo sentido, reforzando a súa intensidade e desasosego.

25, 26, 27 xoves a sábado

POESÍA SALVAXE

Festival de poesía

LOCALIZACIÓNS VARIAS (FERROL)

DE BALDE

A XVI EDICIÓN DA SEMANA DE POESÍA SALVAXE ACHEGA A OBRA DE MÁIS DE VINTE POETAS A NOVE ESPAZOS DA CIDADE.

Juan Carlos Mestre, Luís Valle, Judith Canha e Charo Lopes serán algún dos poetas convidados a recitar nos mercados, a sede do Ateneo, o Centro Cívico de Canido ou a lancha de Mugarbos.

27 sábado

20.00 H

CEIBE

Danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



FRAN SIEIRA CODIRIXE CO EXPERTO EN CUESTIÓNS LGTBIQ+ E DANZA, SERGIO R. SUÁREZ UNHA PEZA QUE AFONDA NA RELACIÓN ENTRE OS ROLES DE XÉNERO E A NOSA TRADICIÓN.

Ceibe é unha peza na que oito bailadoras e bailadores falan sobre as identidades de xénero a través da linguaxe do movemento. A peza busca comprender como o xénero nos atravesa socialmente e, de forma concreta, no baile tradicional. No escenario propónse ao público fixar a mirada na expresión corporal, habitualmente marcada polos modelos hexemónicos de masculinidade e feminidade.

MODE AVIÓN TEATRO TOUR

SIDECAARS



19/04/24

FERROL

AUDITORIO DE FERROL

ENTRADAS A LA VENTA DESDE EL 15 DE MARZO

FILME DO MES | 19 DE ABRIL

Alice Rohrwacher A QUIMERA



NOTAS DA DIRECTORA

Por que che interesou a historia do saqueo arqueolóxico?

A verdade é que me tería gustado ser arqueóloga, noutra vida que imaxinaba de nena. O susto, pero tamén o misterio que me espertou o descubrimento de fragmentos de cerámica na terra, algo común na rexión onde crecín, pareceume impagable.

O aspecto de conto de fadas nos teus filmes é algo recorrente, a que se debe?

Gustaríame traballar en cinema como narradora de contos de fadas. Os contos de fadas ensínannos que a orde inescrutable da realidade debe ser respectada e está máis aló da nosa vontade. Non hai explicacións, as cousas suceden porque teñen que ser e quen tenta opoñerse á súa vontade, quen non respecta este misterio, ao final

é castigado. Gaña quen ten sorte, e a sorte ou o destino non se poden explicar, non teñen mérito. Simplemente suceden e sempre debemos dar a benvida a invitados misteriosos nas nosas vidas.

Tamén parece que tes certa fascinación por entender como nos relacionamos coa morte.

Cando os irmáns Lumière presentaron un dos seus primeiros filmes sobre a derriba dun muro, algún xornal publicou un artigo que dicía máis ou menos así: a morte xa non existe. No filme, a parede caeu, logo se levantou de novo e logo volveu caer... e logo volveu estar intacta. O cinema naceu como unha ferramenta de resurrección. Entón está claro que utilizar o cinema para investigar e contar algo que a todos nos une e que todos tememos, pero coa espada máxica da resurrección, sempre é interesante. Quizais máis que a morte interésame contar

o que nos une ao invisible, e devolver unha mirada arqueolóxica á realidade: o noso futuro non é só o conxunto de cousas que nos toca facer, senón tamén o conxunto de cousas que deixaremos atrás, cando xa non esteamos aquí.

Cal é o punto de partida do teu proceso creativo?

Realmente non sabería dicilo: hai filmes que crecen como fungos, debaixo das follas, e da noite para a mañá xa se atopan grandes... E hai filmes que, no entanto, son plantas moito máis lentas e obstinadas, como *A quimera*, que se desenvolven ao longo dos anos, agregando delicadamente folla tras folla a medida que a autoestrada da vida pasa por elas. E en certo momento convértense en árbores, dan sombra. E empúxannos a parar o carro, a deternos nesa sombra, a darlles o espazo que se merecen.

Por Mauro Lukasiewicz para a revista Caligari (extracto)

Tren de sombras**Foco Aki Kaurismäki**

CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL

XOV 4**SOMBRA NO PARÁISO**

1986 | FINLANDIA | 75' | FINÉS | +12



Primeira entrega da “Triloxía do proletariado”. Nikander leva unha vida tranquila recollendo lixo, até que dous sucesos o cambian todo: a morte dun compañeiro e a súa historia de amor con Illona. “Unha comedia imperturbable sobre a solidariedade da clase baixa” Eye for Film

XOV 11**A VIDA DE BOHEMIA**

1992 | FINLANDIA | 98' | FINÉS | TP



Adaptación da novela de Henri Murger, ‘Escenas da vida bohemia’. En París, tres artistas sen futuro fanse amigos. Xuntos atoparán o sentido do amor, da amizade e da existencia. “Divertida e encantadora, melancólica e gratificante, un dos mellores filmes de Kaurismäki” Ioncinema

XOV 18**NUBES PASAXEIRAS**

1996 | FINLANDIA | 96' | FINÉS | +7



Ilona e Lauri van construíndo a súa vida como mellor poden. Cando perden o traballo ao mesmo tempo, deberán afrontar a indolencia da sociedade ante o seu esforzo por refacer as súas vidas. “Magnífico filme, unha xoia minimalista en toda regra” El País

Petís DUPLEX

Cinema para toda a familia, os domingos ás 12:00

CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLARÍA DE CULTURA DE FERROL

DOM 7 E DOM 21**O INCIDENTE ALIENÍXENA DO PEQUENO ALAN**

Amalie Næsby Fick

2023 | DINAMARCA | 82' | ESPAÑOL | +5



Britney é unha alieníxena que poder ler a mente. Despois dunha aterraxe forzosa, o Pequeno Alan e o seu veciño intentan axudarlle a volver á casa.

DOM 14**LUCES DA CIDADE**

Charles Chaplin

1931 | EUA | 81' | ESPAÑOL | TP



Un pobre vagabundo pasa mil e un avatares para conseguir diñeiro e axudar a unha florista cega da que namorou. “Contén algunhas das máis grandes secuencias cómicas de Chaplin” Roger Ebert

DOM 28**MARY POPPINS**

Robert Stevenson

1964 | EUA | 142' | ESPAÑOL | TP



A vida dunha familia inglesa verase alterada coa chegada de Mary Poppins, unha extravagante institutriz que baixa das nubes. “Un filme marabilloso e alegre” The New York Times

05 ABRIL

PÁJAROS

Pau Durà

2024 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +12



Colombo traballa nun garaxe e complementa o seu mísero soldo trapicheando con marihuana. Mario, ornitólogo afeccionado, contrátao de chofer para ir ver aves. Ao chegar ao seu destino decátase de que as aves variaron o seu rumbo migratorio cara a Romanía. Mario precisa chegar até alí. E Colombo precisa o diñeiro. **Málaga 2024 (Biznaga de Prata a Mellor Actor para Luis Zahera)** *“Atractiva visión traxicómica das múltiples inseguridades da masculinidade”* Screendaily

O MEU CAMIÑO INTERIOR

Denis Imbert

2023 | FRANCIA | 94' | FRANCÉS | +7



Pierre esperta dun coma despois de caer dun edificio durante unha noite de troula. En contra dos consellos de todos, decide emprender unha viaxe por algunha das paraxes máis esquecidas de Francia. Baseado na novela autobiográfica de Sylvain Tesson. *“Amosa como a natureza ten o poder de curar feridas profundas”* Cineuropa

12 ABRIL

SANGUE NOS BEIZOS

Rose Glass

2024 | EUA | 104' | INGLÉS



Lou, a solitaria directora dun ximnasio, namora perdidamente de Jackie, unha ambiciosa fisicoculturaista que se dirixe a Las Vegas na busca do seu soño. Pero o seu amor prende a violencia, arrastrándoas profundamente na rede da familia criminal de Lou. **Berlinale 2024 (Gala Especial)** *“Kristen Stewart é puro magnetismo. Unha viaxe alucinante polos camiños máis escuros de América”* The Hollywood Reporter

19 ABRIL

+ CUÑADOS

Luis Avilés

2024 | ESPAÑA | 90' | GALEGO | +12



A historia comeza dous anos despois da detención de Alicia Zamora e o seu socio portugués. Os cuñados montaron un posto de polbo en Ourense, o mellor xeito de branquear os cartos que lles caeron do ceo. A familia Ribeiro preparábase para a chegada do Entroido, pero os plans se complican cando un cadáver aparece na ponte internacional de Tui.

19 ABRIL

A QUIMERA

Alice Rohrwacher

2023 | ITALIA | 130' | ITALIANO




Arthur ten o don de localizar ocos baixo a terra. Porén, o que Arthur anhela atopar, a quimera que o guía, é a Beniamina, o seu amor perdido. Unha beleza inigualable latexa en cada fotograma desta fábula na que a picaresca mediterránea convive coa procura da utopía. **Cannes 2023 (Mellor guión)** *“Un filme lindísimo, cheo de poesía e cun gusto especial polo poder das fábulas”* Caiman

26 ABRIL

JOAN BAEZ: I AM NOISE

Karen O'Connor, Miri Navasky, Maeve O'Boyle

2023 | EUA | 109' | inglés



Joan Baez foi a raíña indiscutible da música folk, loitou polos dereitos civís e foi unha das primeiras persoas en recoñecer o talento de Bob Dylan. O filme repasa a súa vida mentres segue á artista na súa xira de 2018/2019. **Berlinale 2023 (Panorama Documental)**

“Un retrato compacto e francamente impactante”
rogerebert.com

SEMPRE NOS QUEDARÁ MAÑÁ

Paola Cortellesi

2023 | ITALIA | 118' | ITALIANO | +12



Roma, ano 1946. Delia ten tres fillos e está casada co malhumorado Ivano, que non a trata demasiado ben. Tras a guerra, ambos loitan por sacar a súa familia adiante con varios traballos mal pagos. Pero un día, unha marabillosa nova alborótaos: Marcella, a filla maior, acaba de comprometerse con Giulio, un mozo moi simpático de boa familia. Delia está moi ilusionada con este novo comezo que traerá un futuro mellor para todos. Con todo, recibe unha misteriosa carta que promete cambiar os plans da familia para sempre...
Festival de Cine de Roma 2023
“Excelente equilibrio entre drama e humor, un acertado fresco sobre a condición da muller na Italia dos anos 40”
Cineuropa




DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Co financiamento de:



Tempada Ballet

MÉR 24 ÁS 20:15

(DIRECTO)

DOM 28 ÁS 16:15

(REPOSICIÓN)



O LAGO DOS CISNES

MARTIN GEORGIEV | 210' (CON DOUS DESCANSOS)

MÚSICA: PIOTR ILICH CHAIKOVSKI
COREOGRAFÍA: LIAM SCARLETT
(ORIXINAL DE MARIUS PETIPA E LEV IVANOV)

DESDE A ROYAL OPERA HOUSE DE LONDRES

ENTRADAS: 15 €

Durante unha cacería, o Príncipe Sigfrido atópase cunha bandada de cisnes. Un deles transfórmase nunha fermosa muller, Odette, da que o príncipe se namora ao instante. Porén, Odette é vítima dun esconxuro que a mantén cativa en forma de cisne durante o día. Conseguirá Sigfrido liberala do feitizo?

Off DUPLEX

PASES ÚNICOS

MAR 9 ÁS 20:00

A BESTA NA XUNGLA

Patric Chiha

2023 | FRANCIA | 103' | FRANCÉS | +12



Adaptación libre da novela de Henry James, a historia transcorre durante 25 anos (de 1979 a 2004) nun enorme club nocturno, onde un home e unha muller esperan un evento descoñecido. “Unha ambición inmensa, estraña e emocionante”
Cineuropa

MAR 23 ÁS 20:00

ANIMALIA


Sofia Alaoui


2023 | Marrocos | 95' | francés e outros | +7



Itto esperaba gozar dun día de tranquilidade sen a presenza da súa familia política, mais eventos sobrenaturais somen ao país nun estado de emerxencia. Ela está soa e ten dificultades para atopar axuda...
Sundance 2023 (Premio Especial do Xurado)

Facemos parte de:





ENSAIO

AS PEREGRINACIÓNS A COMPOSTELA

MITO, HISTORIA E FALSIDADES

XOSÉ MIGUEL ANDRADE CERNADAS | XERAIS | 200 PÁX. | **17,95 €**

ESTAMOS ANTE UN CONTUNDENTE E RIGOROSO ENSAIO QUE NOS ENFRONTA A NOSA HISTORIA.

O profesor Andrade Cernadas analiza un fenómeno xacobeo que semella conectármonos directamente co pasado medieval de Galicia pero detrás de todo isto hai un choque este o rigor histórico, ao que se apela para darlle prestixio e continuidade, e o que resulta unha operación de márketing a prol do turismo de masas por parte da Xunta. Nas súas breves pero fecundas páxinas, Andrade repasa o mito do apóstolo Xacobe desde os tempos de Cristo ata a actualidade con todas as contribucións que singularmente desde o século IX vinculan ao palestino con Galicia con non poucos esforzos literarios. Fala da natureza e procedencia das peregrinacións, a realidade ou invención dos Camiños e a súa recuperación moderna desde os anos 80 e a aposta de Fraga Iribarne a partir do ano santo de 1993 cunha idea dos seus tempos de ministro franquista. Unha política autonómica, como destaca o profesor Isidro Dubert no prólogo, a prol do turismo no canto da industria exercendo un total control administrativo do fenómeno xacobeo con datos que cuestionan as súas bondades xerais. Turismo de masas e con invencións históricas que corre o risco de converter a fermosa cidade compostelá nun parque temático. Todo pola pasta.

NOVELA

AS VIDAS DO RÍO

XULIO TEIXEIRA RODRÍGUEZ | GALAXIA | 272 PÁX. | **20,50 €**

O profesor e avogado porriñés Xulio Teixeira Rodríguez, con experiencia noutros eidos literarios, debuta agora con “As vidas do río” dentro do xénero da novela policial. A súa nova creación ten a Pontevedra como escenario e alí desenvólvese o crime dunha muller en plenas celebracións da Semana Santa. O misterio -insólito por quen está detrás- da pé ao traballo do comisario Serafín Freixeiro. Cun ritmo narrativo intenso e unha trama ben ganduxada, os lectores atoparanse cunha obra que mestura con habelencia suspense e humor.

ENSAIO

¿POR QUÉ SE ROMPIÓ ESTADOS UNIDOS?

ROGER SENSERRICH | DEBATE | 272 PÁX. | **17,95 €**

Subtitulado “Populismo y polarización en la era Trump”, o presente traballo do politólogo hispano-venezolano Roger Senserrich é unha interesante análise acerca das causas da actual esquizofrenia política norteamericana. Senserrich analiza a historia recente do país e conclúe que o éxito de Trump en 2016 e -se ninguén o remedia- en 2024 descansa no discurso de odio dunha nación escindida desde a súa guerra civil. Canda isto un sistema constitucional obsoleto é clave para entender o triunfo dun demagogo multimillonario a quen votan os traballadores.

DELICIAS SONORAS



THE RAPANTS LA MÁQUINA DEL BUEN ROLLO

O cuarteto muradán The Rapants autoedita o seu terceiro traballo discográfico de longa duración, este *La máquina del buen rollo*, convertidos nunha das sensacións do momento trala fortuna do seu segundo traballo *O corazón como un after*. Avanzando no roncel que abriron os seus paisanos de Terbutalina, a banda presentou o seu traballo a finais do mes pasado en Compostela tras fulminar a tiqueteira en apenas uns minutos e por partida dobre. O novo traballo pon en evidencia o variado das propostas da actual escena galega. Así, *La máquina del buen rollo* conta con colaboracións creativas de Grande Amore (“Cando pensa en min”) ou Fillas de Cassandra (“Rue Franklin”). En canto ao disco en si, os de Muros viaxaron ata Cádiz para poñerse ás ordes dun dos produtores oficiais do indie español como é Paco Loco, que dota á banda dun son novo salferido de arranxos. Rock, rap, pop ou country figuran entre os estilos dunha banda que aposta pola intensidade incluso nos momentos máis synth pop bailable (“Blaster W4u”). A dulce vita das verbenas da costa condensada nestes nove temas.



MAXWELL FARRINGTON & LE SUPERHOMARD PLEASE, WAIT...

Atentos como estamos a outros sons e artistas que fuxan do mainstream e traten de aportar algo diferente chamamos a atención con orgullo deste dúo franco australiano formado polo compositor Christophe Vaillant (Le Superhomard) e o poderoso barítono Maxwell Farrington. Ambos publicaron en 2021 o seu debut, o estupendo *Once*, unha ducia de pezas onde soan influencias do pop barroco e orquestral dos 60 ata hoxe e no que non se pode evitar pensar en Scott Walker, Lee Hazlewood, Burt Bacharach ata os máis actuais Divine Comedy ou Adam Green. Cancións con alma e misterio conducidas pola apaixonada voz de Farrington que incluso achegándose ás veces ao pastiche cabareteiro, non chega ser devorado por el. Así, o dúo recunca agora con este “Please, wait...”, que supera ao anterior e incorpora unhas doses de misterio e paixón sen deixar de sorrir. *Once* pezas deliciosas tan redondas como “The Boat”, “Plat Du Jour” ou “Topinambur”, músicas que afondan nun mundo propio e romántico, fuxindo a paraísos que poderían ser.



AUDIOVISUAL: BOB MARLEY: ONE LOVE

O biopic que vén de estrearse nos cines sobre a figura do cantante xamaicano Bob Marley (1945-1981), dirixido por Reinaldo Marcus Green para a Paramount, e protagonizado por Kingsley Ben-Adir, é unha oportunidade perdida cando as cartas para xogar a partida eran inmillorables. Máis que crítica, desde estas liñas adoitamos facer recomendacións, pero se seguiseamos a primeira intención o consello que daríamos sería que non perdesen dúas horas cunha película tramposa e aburrida. A única grande estrela global do mundo da música xurdida do Terceiro Mundo daba para moito, pero aquí a tensión naufraga. Apóstase por centrarse no ascenso musical do rei do reggae e no papel de Marley na pacificación do país co mítico concerto de abril do 78, que apenas aparece ao final da cinta con imaxes reais, igual que o concerto en Zimbabue. Non hai tensión, non hai contradicións e si moito branqueamento e haxiografía dun creador e ser humano inmenso tamén na súa complexidade. En definitiva, *One love* é o exemplo de como cos mellores vimbios pode facerse un pésimo cesto. Avisadas están.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

19 - 28 ABRIL

 SALA CURUXEIRAS

 12.00 H A 13.30 H - 18.00 H A 20.00 H

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "PUERTO Y CIUDAD"



Autoridad Portuaria de
Ferrol-San Cibrao

Humor gráfico

40 ANOS DO CARRABOUXO

ATA O 09/04/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS E DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO



Xosé Lois González O Carrabouxo ten publicadas máis de 15.500 viñetas ao longo de máis de 40 anos de carreira, e esta exposición é unha selección das súas obras. A compilación percorre cada ano desde 1982 ata 2022. Para o debuxante ourensán, “o humor consiste en coller a realidade, esnaquizala en anacos e logo coller un para mostralo”. A exposición –organizada pola Sociedade Cultural Medulio e a federación de asociacións Galiza Cultura– é un recoñecemento á destacada carreira de Xosé Lois González.

Cerámica

AUGA, TERRA, AIRE E LUME

ATA O 30/04/24

CASA DA CULTURA (FENE)

DE LUNS A VENRES: DE 10.00 A 13.00 HORAS E DE 16.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS: DE 10.00 A 13.00 H. DOMINGOS PECHADO

A cerámica aprendida de maneira tradicional traída ao noso tempo.

Pintura

AQUÍ SE EXERCITA LA CARIDAD

ATA O 04/05/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS E DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO

Os fondos pictóricos e escultóricos da Fundación Santo Hospital de Caridade volven ao Centro Torrente Ballester, onde xa estiveron parte deles ata 1974, para percorrer a temática relixiosa que caracteriza á maioría deles.

Fotografía

COMPROMETIDO COA REALIDADE

ATA O 06/04/2022

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)

DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS E DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO

O fotógrafo de prensa Bernardo Pérez Tovar, cunha traxectoria profesional de casi 50 anos no diario El País expón máis de duascenas fotografías que foron seleccionadas minuciosamente de entre centos de miles de instantáneas súas. Unha homenaxe en vida á súa dedicación por mostrar unha realidade o máis honesta posible en cada un dos disparos de cámara. Guerras como a do Líbano, a primeira do Golfo, a da antiga Iugoslavia... atentados terroristas de ETA, campañas electorais; en deportes, o rally París-Dakar ou os Xogos Olímpicos de Sídney; o movemento do 15-M acampado na Porta do Sol, en 2011; ata chegar a esa mesma praza deserta polo confinamento da pandemia de covid, en 2020. Como afirmou no seu propio periódico: “Os fotógrafos creamos pasado”.

ABRIL

04xoves

CINE EN VOS

20.00 h Cine Dúplex. Ferrol.

SOMBRA EN EL PARAÍSO, DE AKI KAURISMÄKI



MÚSICA

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CHICHARRÓN

05venres

DANZA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

É DIFÍCIL FOTOGRAFAR O BALEIRO



06sábado

DANZA

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

MULTIPERSPECTIVAS#2

TEATRO

20.00 h Auditorio Cine Alovi. AS Pontes.

O AUTO DO CASTROMIL



MÚSICA


20.30 h Auditorio. Ferrol.

MOCEDADES

MÚSICA

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

THE VERY BEST OF DIRE STRAITS



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

VANE 'S BAND SOLIDARIO

07domingo

INFANTIL

18.00 h Pazo da Cultura. Narón.

TITIRICIRCUS



12venres

CINE

20.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

A VIDA DE BOHEMIA", DE AKI KAURISMÄKI

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

UN MOMENTO PRECIOSO



MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

TRASPIÉS

13sábado

TEATRO

20.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

BOA SORTE, MALA FAMA



MUSICAL

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

LOS MÚSICS DE BREMEN

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

IVÁN FERREIRO



MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

GRAVEROAD ST + THE NINETIES ROCK THE MACHINE

14domingo

PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

LUCE DA CIDADE", DE CHARLES CHAPLIN



INFANTIL

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MAMUT



16 martes

INFANTIL

19.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

...É MEU AMIGO



18xoves

CINE

20.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

NUBES PASAXEIRAS", DE AKI KAURISMÄKI

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

MÚSICA

21.00 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

PEÑA



19venres

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

SIDECARS



20sábado

MONÓLOGO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

ROBERTO VILAR CELEBREIXON



TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

O DRAGÓN DE OURO

21domingo

PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

O INCIDENTE ALIENÍXENA DO PEQUENO ALAN", DE AMALIE NAESBY FICK

25xoves

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

JUAN MANUEL CAÑIZARES



26venres

CINE-CONCERTO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LOS PÁJAROS, DE ALFRED HITCHCOCK, CON AMORANTE



27sábado

DANZA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

FRAN SIEIRA: CEIBE



INFANTIL

18.00 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.

O XARDÍN DE VILA GRIS



28domingo

PETÍS DÚPLEX

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS", DE WALT DISNEY



Nº 190
ANO XVII

EDITA:

ee | edicions embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓ E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción